



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Atendendo ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, sinala a opción incorrecta, respecto do Parlamento:

- A) O Parlamento será elixido por un prazo de cinco anos
- B) O Parlamento de Galicia é inviolable
- C) O Parlamento está constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal
- D) O Parlamento elixirá, de entre os seus membros, un Presidente

2. Segundo o Decreto 206/2005, nos procesos de selección de persoal fixo, os requisitos de participación deberán cumprirse:

- A) Na data en que remate o prazo de presentación de instancias
- B) O día en que remate o prazo de reclamacións contra a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas
- C) O día en que remate o prazo de reclamacións contra o baremo provisional
- D) O día en que se publiquen as listaxes definitivas de persoas seleccionadas

3. Segundo a Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as ausencias ou fallas de puntualidade ao traballo motivadas por situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero consideraranse xustificadas:

- A) Cando así o determinen os servizos sociais de atención ou servizos de saúde
- B) Cando así o determinen as institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas
- C) Cando así o determinen os Corpos de Seguridade do Estado
- D) Cando así o determinen os delegados de persoal ou o Comité de empresa, xunto co empresario

4. Na Constitución Española de 1978, establécese que a soberanía nacional reside en:

- A) O Rei de España
- B) O presidente do Goberno
- C) Os presidentes dos gobernos autonómicos
- D) O pobo español

5. Sinala cal das seguintes faltas disciplinarias está tipificada como moi grave no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O quebranto da debida reserva respecto de datos relativos ao centro ou institución ou á intimidade persoal dos usuarios e á información relacionada co seu proceso e estadía nas institucións e centros sanitarios
- B) A aceptación de calquera tipo de contraprestación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde
- C) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquer acto á comisión de faltas graves
- D) A incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios

6. Segundo o artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, non é obriga do cidadán:

- A) Cumprir as prescricións de natureza sanitaria determinadas polos servizos sanitarios
- B) Coidar das instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias
- C) Empregar as vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario

7. Segundo o Decreto 206/2005, os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen no Servizo Galego de Saúde, abranguerán como mínimo e con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial de:

- A) Unha localidade
- B) Un centro hospitalario
- C) Un distrito sanitario
- D) Unha área sanitaria

8. De entre os seguintes supostos, segundo a Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes; cando poderá o persoal facultativo, levar a cabo intervencións clínicas, sen necesidade de contar co consentimento do paciente?

- A) Cando o estime pertinente o facultativo
- B) Cando a dirección médica do establecemento sanitario así o indique
- C) Cando exista risco para a saúde pública a causa de razóns sanitarias establecidas por lei
- D) Cando o paciente non queira asinar dito documento

9. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, o establecemento das directrices da política de protección da saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde a:

- A) O Parlamento
- B) O Consello da Xunta
- C) O presidente da Xunta de Galicia
- D) A persoa que ostenta a máxima responsabilidade da Consellería de Sanidade

10. Sinale cal das seguintes afirmacións é falsa, respecto das retribucións do persoal estatutario, segundo o establecido no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O sistema retributivo do persoal estatutario estrutúrase en retribucións básicas e retribucións complementarias
- B) As retribucións complementarias oriéntanse prioritariamente á motivación do persoal, á incentivación da actividade e á calidade do servizo, á adicación e á consecución dos obxectivos planificados
- C) O complemento de carreira é unha retribución básica
- D) Os trienios son unha retribución básica

1. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, a regulamentación sobre acreditación, homologación, autorización e rexistro de centros ou servizos, sobre extracción e transplante de órganos, corresponde a:

- A) O Estado
- B) As Comunidades Autónomas
- C) As Deputacións Provinciais
- D) Os Concellos

2. O dereito á protección da saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución Española é:

- A) Un dereito fundamental
- B) Un principio reitor da política social e económica
- C) Un deber público
- D) Un dereito adquirido